


## Galicia: obras destinadas a perdurar

**Mª Jesús Fernández**

Un ano máis, e como vén sendo tendencia, o grupo de idade privilexiado polas editoriais é o correspondente os prelectores e primeiros lectores, tanto polo número de títulos publicados, como pola calidade dos libros editados, moitos deles auténticas obras de arte, destinados non só a espertar o desexo lector senón tamén a educar a sensibilidade plástica dende os primeiros anos, achegando os nenos e nenas a fermosas e vanguardistas propostas, nada compracentes cunha iconografía tradicional. Son ademais libros moi coidados no seu formato, calidade de papel, deseño das páxinas (tamén hai que dicir que nalgúns ocasions o tipo de letra empregado dificulta a lectura)... Libros destinados a perdurar, a ser gozados con todos os sentidos, a acompañar ó longo da vida. E, claro, áinda que os seus destinatarios sexan prioritariamente os pequenos lectores, calquera adulto pode gozar tendo nas súas mans un libro destas características.

### Excelente colleita de álbumes

Editorial Kalandraka, —os seus colaboradores de obtiveron en dúas ocasións o Premio Nacional de Ilustración—, leva dende a súa aparición sendo un referente na edición de álbums ilustrados de gran calidade e



ANTONIO CAÍÑA, SOLDADÍÑO DE CHUMBO. KALANDRAKA, 2002.

anovadora estética. Na súa produción dos últimos meses, ademais do orixinal Kiko da Silva que opta pola ilustración en relevo e ocograbado sobre madeira para unha adaptación feita por Eva Mejuto do conto popular *Rato de campo, rato de cidade*, outros artistas gráficos presentes nas coleccións son Antonio Caíña que coa técnica da ensamblaxe e colaxe tridimensional ilustra unha adaptación de Tareixa Alonso para o clásico de Andersen, *O soldadínho de chumbo*, e Isidro Ferrer, galardoado recentemente co Premio Nacional de Diseño, que utiliza colaxe de papel e debuxos a lapis para poñer imaxes ó conto de Antonio Rubio, *A merliña*. Moi interesantes

son tamén os dous traballos en acrílicos, colaxe e acuarela da ilustradora catalana Mariona Cabassa, o primeiro deles para o divertido texto de Pepe Bruno, *Conto para contar mentres se come un ovo frito*, e o segundo poñendo imaxes ó texto de Ignacio Sanz, *Claudia e o touro*.

Un álbum de excepción polo seu contido e pola súa autoría é o titulado *¡Nunca más! A ollada da infancia*. Neste libro, feito coa colaboración de escolares de diversos centros de Galicia, recóllese os debuxos e os textos cos que nenos e nenas quixeron expresar o seu sentimento pola catástrofe do afundimento do petroleiro *Prestige* fronte as costas galegas, e o seu desexo de que

sucesos coma este non volvan ocorrer.

Optando tamén por unha liña de gran calidade, Xerais vén de sacar a colección *Sopa de Contos*, que se inicia con cinco títulos clásicos que supoñen un fermoso exemplo do alto nivel e a diversidade creativa dos ilustradores que traballan actualmente neste campo da literatura: Elena Odriozola puxo imaxes a *A princesa e o chícharo*; Xan López Domínguez ilustra *A historia dos tres porquiños*; Elisa Arguilé encargouse de *O lobo e os sete cabuxos*; para esta nova versión de *A Carrapuchiña Vermella* creou as súas ilustracións Carmen Segovia, e a extraordinaria Ana Juan ofrecéños a súa

recreación persoal do clásico *A Bela Dormente*.

Moi notable é tamén a edición desta editorial para o libro *A casa da duna*, con texto do poeta Fran Alonso quen, cunha lingua moi lírica e suxestiva, fala do mar, das cousas que trae a marea, mesmo en ocasión, desgraciadamente, olas negras «escurísimas, cheas de morcegos, anémonas e ovos de avepóntamo»; o texto está ilustrado con composicións fotográficas obra de Manuel G. Vicente.

Un tratamento editorial máis sinxelo, pero igualmente de calidade, é o da colección Merlino que vén de sacar ultimamente dous novos títulos: *Carlota e a bota perdida*, texto de Miro Villar que retoma o personaxe da marmota Carlota e conta de maneira versificada o espertar primaveral deste animal e a súa arriscada participación no salvamento dunha bota a piques de «afogar», moi ben ilustrado por Enjamio. O outro é *¿Como está o galíñeiro!*, que amosa unha autora nova, Marta Álvarez, con facilidade para a fantasía surrealista e que tamén é unha notable debuxante.

Outra editorial con especial interese nos pequenos lectores é Everest-Galicia, que continúa a súa coidada colección Montaña Encantada con novos libros. Entre os últimos destaca, tanto polo texto como polas ilustracións, o titulado *¿A onde van as bolboretas no inverno?*, obra dos consagrados Gloria Sánchez e Xosé Cobas, que coas súas palabras e debuxos introducenos na cálida intimidade das bolboretas mentres o frío invernal se estende polo mundo. Tamén nesta colección e no tramo de idade que comentamos, apareceu un dos escasísimos libros de teatro da temporada, é *Indo para o Samán*, escrito por Carlos e Sabela Labraña e ilustrado por Fernando L. Juárez, no que, cun tratamento de fantasía, lévanos á

ANDREA LÓPEZ, QUERIDA UXÍA, TAMBRE E DELVIVES, 2002.



noite do 31 de outubro, a noite do Samaín, festa de orixe celta na que estes pobos celebraban a chegada anual do inverno. Outras dúas autoras, María Joao Carvalho e Carla Nazareth, poñen calor e poesía no texto e as imaxes do libro *Os nosos dereitos*, fermosa maneira de explicarllles ós pequenos a Declaración Universal dos Dereitos do Neno. Finalmente, a escritora e debuxante Marta Rivera Ferner constrúe unha divertida historia, *Tres gatos cantores*, que conta como eses tres michiños pasan de amolar a toda a veceña a ser indiscutibles estrelas da ópera.

A editorial Sotelo Blanco dedica ós pequenos a súa colección de Bolboretas na que apareceron dous títulos: *Tres contos do máxico tres*, cun interesante texto de Xoán Babarro quen, unha vez máis, se inspira na tradición para versificar pequenas historias construídas a base da reiteración do número «tres»: tres porqui-


ños, tres ocasións, tres princesas; as ilustracións, de escaso interese, son de Santiago Eiroa Pazos. As que si nos gustaron son as imaxes de María Sánchez Lires, que mestura debuxo con colaxe de distintos materiais, para o libro de Xosé Vázquez Pintor, *A folla seca*, no que se trata o tamén clásico tema da folla seca que se resiste a desprenderse da árbore e que é un xeito simbólico de tratar cos pequenos o asunto da morte. O que non nos gustou deste libro é o tipo de letra empregado, maiúscula de imprenta e tamaño grande, que dificulta considerablemente a lectura.

Tamén é María Sánchez Lires a encargada de ilustrar a nova colección desta editorial Sotelo Blanco: Contos para Crecer. Son libros de pequeno formato e agradable factura con textos de Xan Rodiño nos que se lles fala ós nenos dunha realidade concreta utilizando sinxelas rimas. Os títulos aparecidos son: *A ár-*

*bore, A auga, O lobo, A vaca*. O mellor deles, sen dúbida, as ilustracións.

A editorial A Nosa Terra mantién a aumenta as súas coleccións infantís, así Os Contos da Rata Luísa, agradables libros de pequeno formato e sinxelas ilustracións dos que é autor Mon Daporta Padín, sacou ultimamente dez novos títulos que amplían ata 20 os publicados. Neles contáñense breves historias rimadas da vida cotiá, protagonizadas por unha familia de ratos e os seus amigos. Continúa tamén coas características que xa coñecemos a colección Os Bolechas, da que é responsable o escritor e debuxante Pepe Carreiro, pequenas historias de fácil lectura protagonizadas polos irmáns Bolechas: Carlos, Loli, Braulio, Sonia e Tatá, xunto coa súa cadela Chispa; o último título publicado, *Os Bolechas pelexan cunha avespas*, eleva a 29 os libros desta colección. E con estes mesmos personaxes como protagonistas e un formato máis grande, inicianse dúas novas coleccións: Os Bolechas Queren Saber e Os Bolechas Van de Viaxe. A primeira, na que Pepe Carreiro conta co asesoramento de Adela Leiro e Xosé Ramón Daporta, pretende presentar ós pequenos, de maneira sinxela e amena, aspectos relacionados coa sociedade e a natureza. Os títulos publicados polo de agora son: *Que é a auga, Que é a enerxía, Que é o aire, Que é o lixo, Que é o solo, Cómo é unha biblioteca, Cómo é policía local, Cómo é un parque de bombeiros*. Na outra nova colección, Os Bolechas Van de Viaxe, a anécdota narrada serve para presentar distintos lugares da xeografía galega. Os tres títulos aparecidos son: *Buscando a Linda en Pontevedra, A moeda de Lugo e Primeiro amor en Ferrol*.

Outra colección infantil desta mesma editorial, presentada en gran formato, tapa dura e moita ilustración é Contos do Miño, ta-



JACOBO FERNÁNDEZ SERRANO, O NACEMENTO DE NUNAVUT, XERAIS, 2003.

mén responsabilidade de Pepe Carreiro. Nela publicáronse nestes últimos meses tres novos libros: *Marea negra*, *O angazo* e *Grandes contra pequenos*.

Os Piratas, a coidada colección de SM para pequenos lectores, sacou ultimamente un texto de Marilar Aleixandre, *O monstro da chuva*, moi ben ilustrado por Pablo Amargo. Nel presentasenos un novo e temible monstro, con toda a mala intención dos seus célebres conxéneres y, como digno contrincante, un novo heroe, un neno valente armando co seu paraugas vermello.

Dentro da serie Trote da colección Cabaliño Alado (Combel), a escritora Fina Casalderrey, co acompañamento das ilustracións de Xan López Domínguez, escribe catro pequenas historias sobre un tema que ela sabe tratar especialmente ben, a relación entre os nenos pequenos e os anciáns. Os títulos son: *A avoa ten unha menciña, a avoa non quere comer, O avó sae de paseo* e *O avó é sabio*.

*Leo era un león* (col. Infantil de Ir Indo.), libro con texto de María Canosa e ilustracións de Nieves Lago, conta unha pequena historia que amosa a especial relación que os nenos pequenos teñen cos seus animais de xoguete.

## Interesante oferta para lectores autónomos

Para o seguinte grupo de idade, nenos e nenas ós que denominamos lectores autónomos pola súa capacidade lingüística que xa lles permite a lectura individual de textos algo más complexos, atopamos tamén unha interesante oferta.

Pareceunos unha bonita idea a que anima a colección *¿E Que?*, na que participa a editorial Galaxia dentro do grupo de Editores Asociados. Esta colección pretende achegar pequenas historias

para, a través delas, presentar de maneira natural e positiva algúns dos problemas que na actualidade afectan ás familias e ós grupos sociais e nos que participan directamente os nenos: o divorcio, as minusvalías físicas e psíquicas, os celos entre irmáns, a diversidade social e cultural... Para esta colección escribe Fina Casalderrey o relato titulado *¡Un can no piso!*, no que a pequena protagonista conta como conseguiu convencer a súa familia para que lle deixaran ten un canciño na casa, as ilustracións son de Mikel Valverde.

A esta mesma autora, Fina Casalderrey, debémoslle outros tres títulos para esta idade: *Cando a Terra esqueceu xirar*, *Deradeira carta ós Reis Magos* e *Desventuras dun lobo namorado. Cando a Terra esqueceu xirar* (col. O Barco de Vapor, SM), coas orixinais ilustracións de Óscar Villán, describe a situación caótica que se produce cando o globo terráqueo queda inex-

plicablemente detido no medio do firmamento. Co humor e a expresividade que caracterizan a esta autora, o libro é unha pequena parábola que fala a favor da cooperación universal e da necesidade de axuda mutua entre todos os seres humanos. *Deradeira carta ós Reis Magos* (col. Merlin, Xerais), amósanos unha vez máis a reconecida capacidade de Casalderrey para poñer voz ós seus personaxes infantís e presentar a pouco amable realidade a través da mirada inocente e carente de prexuízos. Nesta ocasión o neno protagonista fai nos partícipes das súas ilusións ante a inminente chegada dos Reis Magos e tamén da súa decisión de non volver ter tratos con eles despois de que as súas esperanzas se visen de novo frustradas. En *Desventuras dun lobo namorado* (col. Árbore, Galaxia), a autora crea un personaxe, un lobo orfo e namorado, para establecer o fio conductor que lle permite presentar nunha trama

unitaria varios relatos procedentes da tradición oral que teñen a lobos e raposos como protagonistas, símbolos respectivamente da simplicidade e da astucia. Neste caso as ilustracións son de Manuel Uhía.

Unha nova colección de Xerais é a titulada Nunavut, da que son responsables Xoán Abeleira polo textos e o interesante Jacobo Fernández Serrano polas ilustracións. Nestes libros preténdese achegar os lectores á vida e cultura dos esquimós, o pobo dos *inuit*. De momento saíron dous títulos: *O nacemento de Nunavut* e *Un día de caza*. En ámbolos dous hai un personaxe común, a nena Nunavut, e unha trama na que se mestura a vida cotiá, tan dura e especial deste pobo, cunha realidade máxica que fai presentes os seres do seu universo mítico.

Os animais, áinda que tratados cun certo distanciamiento propiciado moitas veces polo humor, seguen a ser frecuentes protagonistas nos relatos para estes lectores. Moi interesante e divertido é o libro de Antón Cortizas *Dominicus, o dragón* (col. Ala Delta, Tambre-Edelvives). Coñecida é a capacidade deste autor para xogar coa sonoridade e a expresividade da linguaxe, e para esta ocasión na que se propón desmitificar a un dos seres clásicos da literatura fantástica, o dragón, elixiu un conto rimado no que, con moita gracia, presentámos a Dominicus, mal aturado polos seus veciños, atracción para os turistas, incomprendido en xeral, que nin como produtor de lumes nin como bombeiro voluntario atopa o seu sitio na sociedade; Antonio Castro é quen pon as imaxes nesta humorística historia.

E nesta mesma colección Ala Delta, que por certo apareceu renovada nos últimos meses, cun novo e moi agradable deseño e un notable número de títulos en-

tre reedicións e primeiras edicións, publica Gloria Sánchez o libro *Frangulla*, preciosa historia enriquecida cos debuxos de Xan López Domínguez, da que son protagonistas unha familia de osos polares. Contada polo pequeno da familia, o último e más feble dunha camada de tres cachorros, o osiño Frangulla fállanos das dificultades de sobrevivir na súa situación e de cómo precisa de todo o seu enxeño para acadar un lugar entre os seus conxéneres. Coa corrección e calidade que a caracterizan, Gloria Sánchez apostou polos seres desvalidos e ó mesmo tempo loitadores, sen caer no fácil risco do tenurismo nin no de idealizar o mundo animal, tan cruel en moitas ocasións.

Outro animal, un burro idealista, protagoniza *A verdadeira historia do burro Feldespato* (col. Árbore, Galaxia). Escrita por Xerardo Quintiá, quen por

primeira vez o fai para o público infantil e que elixiu dirixirse a estes lectores cunha linguaxe próxima á oralidade, utilizando recursos humorísticos clásicos, como a esaxeración e o ridículo, presentando a este entrañable personaxe que, ainda que burro, é sabio e ademais está perdidamente namorado. Ilustra Andrea López.

Tamén Manuel María, o consagrado poeta que había xa tempo non publicaba obra para nenos, ten un gato como protagonista da historia *O bigote de Mimi* (col. Montaña Encantada, Everest-Galicia), na que retoma un personaxe clásico da súa obra, o barbeiro, poeta e polifacético Manuel de Paderna, para que axude ó michiño protagonista a recuperar o seu bigote e, con el, a dignidade perdida. As ilustracións son de Suso Cubeiro.

Outro personaxe que repite protagonismo é a nena extra-

terrestre creada por Alberto Varela Ferreiro. O novo título, *Anamarciana. Vacacións en Europa* (col. Merlin, Xerais), presenta-nos a esta nena e a súa familia, que a pesar dos seus excepcionais aspectos e procedencia teñen gustos e costumes tan parecidos ós nosos, nunha viaxe de vacacións pola galaxia, concretamente o seu destino é Europa, o satélite xeado do planeta Xúpiter.



Xoán Babarro reúne varios contos, algúns xa coñecidos e outros novos, no libro *Eu voguei por Mar de Chocolate* (col. Montaña Encantada, Everest-Galicia). Para facelo valese dun fio conductor proporcionado polo rapaz protagonista que vive unha aventura onírica no seu desexo de coñecer o mar do que lle ten falado Rónal, o neno color chocolate adoptado polos seus tíos. Outro elemento unificador é que todos os contos están relacionados co mar e os seus habi-

tantes e que teñen como narradores ó Capitán e a Capitana, dúas voces que se van alternando. As ilustracións a base de colaxe e plastilina son de Laura Blanco.

Outro libro de contido diverso, moi ben harmonizado pola súa autora, é *Correo urxente* (col. Tu-cán, Rodeira-Edebé). A boa narradora que é Paula Carballeira corre nesta ocasión ó xénero epistolar para dar a palabra a diversas voces, tantas como personaxes se escriben cartas nas que, ademais de informar das pequenas incidencias cotiás, envían receitas e consellos útiles. Tamén mediante este correo uns e outros intercambian varios contos, pequenas narracións ás que todos son moi afeccionados. Un excelente libro que se complementa perfectamente coas ilustracións de Xan López Domínguez.

*Querida Uxía* (col. Ala Delta, Tambre-Edelvives) ten tamén forma epistolar, é a longa carta que a autora, Lupe López, escribe á súa sobriña que acaba de nacer, dándolle a benvida ó mundo familiar, expresándolle os seus sentimentos e as esperanzas dunha vida feliz. As imaxes do texto son obra de Andrea López.

A escritora An Alfaya gusta das historias intimistas nas que amosa os sentimientos de personaxes que agachan unha vida interior que pode pasar desapercebida a un observador pouco atento. O seu novo relato, *A encantadora* (col. Merlin, Xerais), é unha delicada historia de amor protagonizada por anciáns, Crispín, un avó viúvo que tenta volver a gozar da vida despois da morte da súa querida esposa e compañera, e a súa veciña Eleonora, unha muller moi especial que sabe contar contos e ten un pasado fascinante. Xulia, a neta de Crispín, é quen propicia o inicio da relación. A artista Chus Ferrín fai con este libro a súa primeira incursión na ilustración de literatura infantil.





FEDERICO FERNÁNDEZ ALONSO. AS AVENTURAS DE ALICIA NO PAÍS DAS MARABILLAS, XERAIS, 2002.

A xeito de fábula sobre o valor da presencia dos outros, da conveniencia de compartir a vida e de sentir afectos que nos prolongan máis alá de nós mesmos, escribe Xavier López Rodríguez o seu libro *Castiñeiro e compañía* (col. Infantil, Alfaguara-Obra doiro). O libro é tamén un ameno achegamento á natureza, ó coñecemento dos ciclos vitais das árbores e á importancia que estes teñen na conservación e no equilibrio do medio natural.

Unha pequena obra teatral, *Tres capitáns de tempos idos* (col. Merlin, Xerais), escrita por Antón Avilés de Taramancos, poeta e narrador a quen estivo dedicado o Día das Letras Galegas deste ano 2003, dános a coñecer a única obra deste escritor para nenos. A citada edición complétase coa reproducción dos figuríns orixinais debuxados polo propio autor, e cun interesante traballo escrito por Pilar Samperio no que, ademais de achegar datos sobre a vida e obra de Avilés de Taramancos, fálanos da propia historia desta pequena peza teatral.

Polo que respecta as traducións, queremos chamar a atención sobre dúas coleccións da editorial Kalandraka que xuntan a calidade dos textos coa beleza da edición e das ilustracións que acompañan. Son as coleccións Seteleguas e Tiramillas. Na primeira temos dous títulos novos: *Atrapasnoños*, do serbio Milan Vukotik, primeiro libro deste autor traducido ó galego, ilustrado por Elia Manero; e o delicioso *Pequena bruxa*, de Blanca Pitíz con ilustracións de Josep Rodés. Na outra colección, todo un clásico como é o libro de Dino Buzzati, *A famosa invasión de Sicilia polos osos*, co que o famoso narrador e xornalista amosa tamén a súa interesante faceta de ilustrador; e un fermoso e emocionante relato dirixido a todas as idades escrito por outro clásico contemporáneo, o

alemán Peter Härtling, *Co ven-to de cara*, última novela deste autor, presenta algúns aspectos autobiográficos da súa propia infancia e sitúa a acción nos difíciles tempos da posguerra en Europa.

## Calidade e interese nos libros para 10-14 anos

A medida que os nenos e neñas medran e a súa competencia lectora aumenta, os libros a eles dirixidos fanse más extensos e complexos. Para o grupo de idade dos xoves lectores, que vai dos 10 ós 14 anos, atopamos na producción literaria deste ano algunha mostras de gran calidade e interese, varias delas debidas a autores de recoñecido prestixio.

Empezaremos polo libro que lle valeu a Agustín Fernández Paz o Premio O Barco de Vapor 2003. *O meu nome é Skywalker* (col. O Barco de Vapor, SM), é un emocionante relato que trata con gran acerto un dos temas

candentes da actualidade: a existencia do dolor e da pobreza no medio dunha sociedade que é incapaz de ver a miseria que hai ó seu redor. Este delicado tema está presentado a través da relación entre unha nena e un home adulto, un inmigrante que pide esmola na porta dun supermercado e que resulta «invisible» para as persoas que pasan despreocupadamente polo seu lado. O gran acerto do autor está na elección do punto de vista narrativo, focalizado desde a visión inocente da pequena protagonista que, incapaz de comprender a actitude indiferente dos adultos, inventa unha historia fantástica para explicar a invisibilidade do seu amigo. O relato resulta unha fermosa metáfora sobre a existencia dos excluídos sociais. O libro foi ilustrado por Juan Ramón Alonso.

Tamén para estos lectores publica a súa última novela o escritor Xabier P. Docampo. *A casa da luz* (col. Sopa de Libros, Xerais), historia de aventuras prota-

gonizada por un grupo de rapaces ós que acompaña un singular ancián, Pumariño, un home que polo seu comportamento e a súa personalidade non se corresponde co estereotipo do individuo adulto. A incorporación ó grupo desta persoa é o que propicia o inicio da aventura nun mundo paralelo á realidade cotiá, o mundo representado polas pinturas. A inquietante peripécia que alí viven os rapaces supón, por unha banda, o descubrimento dunhas vidas sometidas a un poder absoluto e tiránico, e, pola outra, unha reflexión sobre o valor social da creación artística e sobre as peculiaridades da recepción individual que fai de cada persoa copartícipe na interpretación do significado da obra de arte. Con estas premisas o traballo de ilustrar o texto era un difícil reto que asume maxistralmente Xosé Cobas. Este artista, inspirándose en mestres da pintura de todos os tempos, ofrece coas súas suxestivas imaxes o complemento axeitado para esta historia na que se invita a «mirar» máis alá do que hai representado nun lenzo.

O autor Manuel Lourenzo González retoma personaxe coa novela *Estanislao, príncipe de Sofrovia* (col. Merlin, Xerais). Nun relato anterior xa tivemos oportunidade de coñecer a Tanis I na súa adolescencia e rebelde xuventude, e agora, utilizando a mesma clave de humor irónico, presentanolo na súa infancia, achegando así as claves para comprender mellor o seu desenfadado e pouco principesco comportamento. Tamén nesta ocasión as ilustracións son de Santiago Gutiérrez Gómez.

Ánxela Loureiro é unha escritora a quen lle gusta ambientar os seus relatos no pasado histórico. Nesta ocasión a novela *Camiño perigoso* (col. Merlin, Xerais) sitúa a súa acción na Galicia medieval, nos tempos das revoltas irmandiñas. A protago-

nista e narradora é unha moza que escondendo a súa condición lánzase ó perigoso camiño, buscando saber cal foi o destino dos seus pais. Os seus pasos, a través dunhas terras que nos resultan familiares e próximas, lévana a atopar amigos e inimigos, a vivir situacions de moito risco e a assumir actitudes que requieren valor e astucia. Mediante estes encontros e circunstancias a autora vai presentando personaxes característicos da época: os cómicos, os xograres, os soldados, os frades, os mendigos, os labregos... Un ameno relato que foi ilustrado por Juan Carlos Abraldes.

Coñecido é o interese do escritor Pepe Carballeira por presentar a realidade actual utilizando o recurso do «estrañamento» que lle permite ensaiar unha mirada desprovista de preuixos e tamén un humor crítico derivado das situacions. Na novela *De cómo o Santo dos Croques se fai peregrino* (col. O Barco de Vapor, SM), é o mestre Mateo, artífice do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago, inmortalizado na propia catedral nunha das súas figuras más populares, quen abandona a súa pétreas condición para ser un peregrino máis, asombrado e confundido.

## Todos os xéneros ó alcance dos mozos

No grupo de libros para mozos a partir dos 14 anos atopamos unha interesante produción na que están representados varios dos xéneros narrativos clásicos.

O misterio, con distintas variantes, é o que tivo máis cultivadores. Citaremos en primeiro lugar a novela galardoada co Premio Merlin 2002 da que é autor Xosé Miranda, *Pel de lobo* (col. Fóra de Xogo, Xerais). Inspirada nas lendas populares relacionadas coa licantropía, este es-

tupendo relato, narrado en primeira persoa polo principal protagonista que a rescata da súa memoria, recrea con eficacia unha atmosfera de inquedanza e opresión nunha Galicia rural sacudida pola axitación agraria nos primeiros anos do século pasado. Coa dura e fermosa natureza como presencia constante, o libro segue as directrices do xénero en canto que confronta o home con poderes sobrenaturais que exceden a súa limitada capacidade, pero é tamén unha novela de amor e iniciación na que o mozo protagonista descobre as inquedanzas amorosas e tamén vai adquirindo conciencia da existencia dun sentimento de liberdade e rebeldía que, como elemento anovador neste tipo de relatos marcados pola tradición, se identifica co lobo, víctima, como tamén o son as mulleres e os labregos, da ignorancia e a intransixencia da época.


Misterio e iniciación son tamén as bases de partida doutro libro excelente escrito para mo-

zos por Agustín Fernández Paz, *Noite de voraces sombras* (col. Fóra de Xogo, Xerais). A protagonista e narradora desta historia é unha moza que sente ó seu redor unha inquietante presencia que semella desexar comunicarse con ela. Estimulada por ese desacougo, a rapaza inicia unha busca que a leva a descobrir a existencia silenciada dun parente seu, un home que morreu anos atrás deixando na sombra e o esquecemento unha existencia marcada pola traxedia. Este personaxe, o tío Moncho, ademais de aparecer individualizado na súa persoal historia, representa no relato a xeración de homes e mulleres que sufrieron represión e morte como consecuencia da guerra civil e a dictadura posterior e que, para maiorinxustiza se cabe, foron conscientemente borrados da memoria colectiva. A moza protagonista aparece aquí como a esperanza dun futuro mellor e como depositaria das ilusións que naqueles tristes días tronzou a barbarie.

Tamén o misterio é o elemento unificador da colección de relatos escritos por Fina Casalderrey baixo o título *Lías de nácaras* (col. Merlin, Xerais). O primeiro deles, ó que corresponde o título común, é unha fermosa historia de amor que se prolonga e segue crecendo máis alá da desaparición física dos corpos namorados. Noutro, é o desexo de saldar vellas débedas o que semella inquietar o repouso dos espíritos. O Camiño de Santiago é o escenario doutro relato protagonizado por unha muller desesperanzada que vai tendo sucesivos encontros cun ser fantasmal que encarna as súas perdidas ilusións. E así, ata cinco historias diversas, todas elas envoltas nun clima de misterio que trastoca de maneira inesperada a realidade cotiá dos protagonistas.

Moi interesante pareceouno o libro escrito por Paula Carballeira quen por primeira vez publica para este grupo de lectores. *O ganso pardo* (col. Catavento, Tambre-Edelvives), é unha novela de complexa estructura, ambientada no século XV, que harmoniza relato histórico con misterio e que parte do mito do sangue inocente como fonte de xuventude e vida eterna. Con varias voces que se van sucedendo no relato, empregando a primeira persoa, ben como narrador presente ou mediante cartas, a autora constrúe unha desasosegante trama, moi ben articulada, na que recrea o personaxe real do sanguento mariscal francés Guilles de Rays, acusado das mortes de numerosos nenos, fai aparecer a figura mítica dos nosferatu, bebedores de sangue humano, e remata propoñendo unha nova versión do clásico conto *Barba Azul* que identifica os coñecidos personaxes de Perrault cos protagonistas desta historia.

Outro libro que tamén nos gustou moito é *A canción de Sálvora* (col. Relatos Históricos, A Nosa Terra), de Antón Riveiro




ANA JUAN, A BELA DORMENTE, XERAIS, 2003

Coello, presentada nunha bonita edición enriquecida coas notables ilustracións de Pepe Carreiro. Unha vez máis o mar é fonte de misterios, de sucesos inexplicables que xorden del e se fan lenda. Escrita en ton lírico, é esta unha historia de amor e traxedia, de naufraxios e vidas soñadas que o autor constrúe inspirado polo feito real do accidente do vapor correo Santa Isabel, afundido fronte a costa da illa de Sálvora nos primeiros anos do século pasado.

O mar e os seus habitantes son, así mesmo, protagonistas do libro *Area Maior* (col. A Letra Dormente, Xerais), escrita por Manuel M. Barreiro e complementada coas ilustracións de Marcela Santorun. Consta de pequenas historias narradas por Adrián, un cangrexo ermitán, que nos levan a unha praia do fisterre galego. Ademais de facer aparecer diversos animais mariños e de intercalar lendas e tradicións do lugar, o autor válese do seu relato para denunciar ós que esquilman o mar en función dos seus egoístas intereses, e fai unha proposta para o necesario equilibrio entre todos os seres que dependemos do mar como fonte de vida.

E tamén o mar é marco fundamental na novela de Jauregizar *¡Balea morta ou lancha a pique!* (col. Fóra de Xogo, Xerais). Este autor recupera os personaxes dun relato anterior, o capitán Thunderskin e a súa pequena tripulación, para facer unha parodia humorística dos clásicos relatos de aventuras por mar, así como unha sátira sobre certos costumes actuais. Nesta ocasión Thunderskin recibe en soños a visita do mítico capitán Ahab e, desexoso de vingar o seu distinguido colega, lánzase á caza da balea, contrapoñendo a súa anacrónica figura e os seus non menos anacrónicos procedementos a un mundo moderno presidido pola tecnoloxía e o consumismo.



Outro xénero que tamén interesa ós autores de libros para mozos é o relato policial. A este xénero pertence *Carmín* (col. Fóra de Xogo, Xerais), escrito por Domingo Tabuyo, no que, partindo de indicios atopados entre o lixo, un mozo con espírito detectivesco logra unir os fios que rexen unha mente perturbada que na súa enfermiza obsesión busca a destrucción da beleza. Do xénero polical é, así mesmo, a novela de Francisco Fernández Naval, *Suso Espada. O misterio do Grial* (col. Punto de Encontro, Everest-Galicia). Nela aparecen elementos históricos e da tradición incorporados a unha trama na que as ameazas e os perigos son de total actualidade. Suso Espada, un mozo detective privado que xa foi protagonista dun relato anterior, recibe o encargo de investigar o roubo do Santo Grial que se conserva no Cebreiro, descubrir os seus autores e recuperar a venerada copa. Este punto de partida válezelle ó autor para levarnos co seu personaxe por un tramo do Camiño de Santiago, presentándonos a súa paisaxe e as súas xentes; tamén lle vale para actualizar a memoria de feitos his-

tóricos relacionados co Camiño e para introducir elementos das sagas artúricas. Mesturando habilmente estes elementos, créase unha moderna historia na que o mozo detective debe enfrentar unha organización de delincuentes que agochan as súas criminais actividades baixo un ritual cabaleiresco.

Unha escritora moi nova, Raquel Campos Pico, sorpréndenos agradablemente co seu relato, *OTMA Nicolaievna. As catro grandes desconocidas* (col. Biblioteca Nova 33, Ir Indo), gañador do I Premio na décimo cuarta edición do certame literario Rúa Nova, patrocinado pola Fundación Caixa Galicia. Baseado na investigación histórica, o libro centrarse nas figuras das catro fillas adolescentes do tsar Nicolás, que foron asasinadas co resto da familia en xullo de 1918. A autora elixe presentar os feitos a través dos recordos persoais dunha das irmás, Olga, quen nos fala do seu ambiente próximo e dos acontecementos políticos dos que foi testemuña e que convulsionaron a historia contemporánea de Europa.

Cunha linguaxe decididamente poética e tamén expresiva e

eficaz na denuncia, o narrador e poeta Antonio García Teijeiro escribe un libro fermoso e singular. *Trala liña do horizonte* (col. Catavento, Tambre-Edelvives), é un conxunto de relatos breves que poñen palabras a duras imaxes de guerra, miseria e dolor, como as que de maneira cotiá aparecen nos xornais procedentes de todo o mundo. Os anónimos protagonistas destas escenas, que con demasiada frecuencia pasan desapercibidos, convértense en seres humanos doentes, cunha historia individual que reclama atención e chama ó compromiso. As ilustracións que reinterpretan as fotografías de prensa son obra de Andrés Meixide.

Finalizamos este apartado co libro de relatos de Paco Martín, *Auga para encher un cesto* (col. Catavento, Tambre-Edelvives). O extraordinario narrador que é Martín ofrécenos un conxunto de oito historias breves individualizadas, que tratan distintos temas e se sitúan en diferentes contextos. A pesar desta diversidade, atopamos nelas certos elementos que veñen sendo constantes na obra do autor. Por exemplo, o seu decidido posicionamento en prol da bondade e da solidariedade, que converten en imprescindibles a seres aparentemente pequenos e anónimos; ou tamén a súa certeira crítica, feita con humor e ironía, da prepotente incultura que só sabe valorar o material e inmediato; ou a «perigosidade» social daqueles individuos que manteñen unha conducta que non se axusta as normas establecidas... Como dicimos, oito deliciosas historias que non teñen desperdicio.

Non deixaremos de mencionar a magnífica colección de clásicos editada por Xerais, Xabán de Ouro, que pon ó alcance de calquera lector obras imprescindibles da literatura universal, comentadas e con anotacións, nunha edición de luxo que conta coas orixinais ilustracións de Fe-

derico Fernández Alonso. Polo momento levan aparecidos tres títulos: *Alicia no país das marabillas*, *As aventuras de Pinocchio* e *A chamada da selva*.

## Outros xéneros

Como grupo a parte mencionaremos os libros nos que se recollen lendas e contos da tradición oral popular. Citaremos, un ano máis, a notable colección Cabalo Buligán, de Xerais, da que seguen a ser responsables Xosé Miranda e Antonio Reigosa co rigor a a calidade que xa coñecemos, e que nestes últimos meses editou catro novos títulos: *Contos de encantamento I*, ilustrado por Andrés Meixide; *Contos de encantamento II*, con debuxos de Fernando L. Juárez; *Contos de parvos e pillos I*, ó que pon imaxes Marcela Santorun, e *Contos de parvos e pillos II*, en colaboración coa debuxante Hoa-binh Melgar.

Os mesmos Xosé Miranda e Antonio Reigosa son responsables do libro *Cando os animais falaban: cen historias daquel tempo* (Xerais), que conta cunha excelente edición na que as pequenas historias da tradición aparecen actualizadas e se enriquecen cun soporte de moita calidade e coas artísticas ilustracións de Andrés Meixide.

Como vén sendo habitual, os libros de poesía editados nestes meses son moi escasos, pero, en certo modo, a súa calidade compensa o reducido número de títulos. Falaremos en primeiro lugar dun libro marabillosamente editado, un deses obxectos dos que falabamos ó comezo do artigo designándoos como un goce para os sentidos. Referímonos á edición que Everest-Galicia fai do poemario de Antonio García Teijeiro *Pasenijo, pasenijo* (col. Rañaceos). Os delicados poemas deste libro que toma o seu título dun verso de Rosalía de Castro,



invitan a recorrer un camiño poético que leva ó lector por escenarios naturais e fantásticos, en compañía de animais, xogando coa linguaxe, atopando amores e gozando do pracer de camiñar *pasenijo, pasenijo*. Ademais do texto, o libro é fermoso polo seu formato, pola calidade do material, polo deseño dasdobres páxinas e, sobre todo, polas ilustracións de Xosé Cobas que ensaia un estilo novo para acompañar estes poemas e que teñen en si mesmas a calidade sutil do vento, da néboa, do sol invernal entre as follas dos piñeiro...s, e que van trazando unha liña que marca as distintas etapas polas que discorre este camiño.

Tamén de Antonio García Teijeiro é o libro titulado *¡Ai, canto falan as pombas que falan!* (col. Xuvenil, Ir Indo), ilustrado por Manuel Uhía, un conxunto de poemas que teñen todos eles as pombas, reais ou simbólicas, como obxecto poético.

Pioneira da literatura infantil en Galicia, e tamén unha das súas voces líricas más notables, é Helena Villar Janeiro. Desta autora publicouse recentemente o libro *Belidadona* (col. Ala Delta, Tambre-Edelvives), fer-

moso e extenso poema que mestura elementos da tradición con outros de nova inspiración para presentar a Belidadona, personaxe fantástico que nace e vive nas montañas, convivindo con seres reais ou marabillosos, aprendendo das ensinanzas da natureza. Os suxestivos versos deste poema atopan un axeitado complemento nas fermosas ilustracións de Enjamio.

Outro poemario de gran calidade e interese é o composto por Pepe Cáccamo, *Lúa de pan* (col. Arume, Ed. Do Castro), Premio Arume de poesía, auspiciado pola Fundación Xosé Neira Vilas. Son vintecinco poemas de fondo contido lírico, que conseguem adecuar a linguaxe poética ás capacidades e gustos da infancia sen renunciar as esixencias do xénero, e nos que se tratan diversos temas, dende os inspirados directamente pola natureza, ata os que son expresión íntima de sentimentos. A edición, moi bonita e coidada, conta cunhas delicadas ilustracións de Xosé Vizoso.

Este mesmo escritor, Xosé María Álvarez Cáccamo, foi o encargado da antoloxía de poesía para a infancia, *O libro dos cen*

poemas. *Antoloxía da poesía infantil galega* (Ed. Espiral Maior). Libro moi ben editado tamén, cun interesante limiar no que o responsable explica o seu concepto da poesía infantil e os criterios que utilizou para facer a selección, e complementado cun *Caderno de actividades* escrito en colaboración con Marisa Núñez, onde, mediante exemplos concretos, danse suxestións sobre cómo introducir os nenos nas peculiaridades da linguaxe poética. Os cen poemas seleccionados pertencen a algúns dos melhores poetas galegos desde o Rexurdimento ata a actualidade, (persoalmente botamos en falta algunha presencia concreta), coa inclusión tamén de varias mostras do folclore popular, e están agrupados por temáticas. Un libro moi coidado e oportunamente que será de utilidade para pais e profesores.

Rematamos esta apresurada panorámica mencionando con grande satisfacción a estupenda traxectoria nestes últimos meses da revista de cómic infantil *Golfiño*. Nesta súa terceira época, *Golfiño* pasou a ser distribuída gratuitamente xunto co exemplar dominical do xornal *La Voz de Galicia* e está tendo unha gran acollida entre todo tipo de público. Non é de extrañar este éxito xa que nas páxinas da revista aparecen como colaboradores habituais artistas destacados como Fran Bueno, Kiko da Silva, Pinto e Chinto, Xaquín Marín, Andrés Meixide, Fausto Isorna..., e déronse a coñecer nomes novos que evidencian o alto nivel que existe en Galicia entre os cultivadores deste xénero. Només como Jacobo Fernández, Norberto Fernández, Miguel Roldedo, Primitivo, David Rubín, entre outros, son xa ben coñecidos e admirados polos seus seguidores, nenos e adultos que agardan cada semana o reencontro cos seus personaxes e historietas preferidos. ■